

As Pastorais Penitenciarias de Galicia, reunidas en Santiago este sábado 22 de marzo para a súa Xornada de encontro e formación, baixo o lema “Por unha xustiza penitenciaria ao servizo da reinserción”, que contou coa excepcional ponencia de Manuela Carmena, xuíza penitenciaria e maxistrada emérita, avogada laboralista e persoa de longo compromiso social e político, desexa expresar o compromiso da Igrexa por un sistema penitenciario humanístico e reinsertador, de acordo cos principios do noso ordenamento xurídico tal e como os recolle a Constitución, e no que podemos atoparnos cos valores evanxélicos do perdón, da conversión, e da dignidade de tódolos homes como fillos e fillas de Deus.

Polo que desexamos manifestar que:

APRECIAMOS:

- ✓ Os avances que nos últimos anos se deron no sistema penal, como os módulos de respecto, a lenta pero crecente apertura á sociedade civil, ou a mellora das posibilidades de clasificación terapéutica das mulleres reclusas.
- ✓ A tímida introducción da xustiza restaurativa e das penas alternativas á entrada en prisión como os Traballos en Beneficio da Comunidade (TBC’s) ou o réxime aberto.
- ✓ O avance no coñecemento e coordinación das entidades colaboradoras nas prisións no ámbito galego, co nacemento da REGAEP.

DENUNCIAMOS:

- ✗ O descoñecemento que en xeral a sociedade ten da realidade do cárcere, e do significado da inserción social, e o desinterese dos responsables públicos en favorecer unha cultura acorde ós valores democráticos nesta cuestión crucial.
- ✗ O aumento do punitivismo, alentado polo oportunismo político que busca réditos retorcendo o Código penal, e que se materializa na desproporcionada e cada vez maior duración das penas en España, e na introducción da pena permanente revisable, contraria ó espírito do mandato constitucional de reeducación e reinserción social e á dignidade humana.
- ✗ O acceso inequitativo ós recursos da xustiza por parte dos colectivos en situación de exclusión social, a falla de apoio e o mal funcionamento do turno de oficio. Especialmente grave é o tratamento que reciben os inmigrantes, ós

que se lles veta o horizonte de inserción pola práctica imposibilidade de obter a residencia legal, sufrindo unha dobre condea simplemente por ser estranxeiros.

- x A orientación prioritaria do sistema carcelario cara a vixilancia e o control, fronte a unha opción máis decidida cara a seguridade a longo prazo que deriva do tratamento e da educación social. Neste punto demandamos a introducción de prazas de educadores sociais titulados, xunto a unha adecuada promoción interna do funcionariado, que prime a súa vocación tratamental.
- x A escandalosa presenza de poboación con enfermidade mental na prisión, nun medio que agrava a súa situación. Urximos á dotación de médicos psiquiatras e a adopción de medidas de seguridade alternativas ás penas de prisión e a dotación de centros terapéuticos adecuados.
- x A situación de especial vulnerabilidade da muller en prisión, e a acentuación nas mulleres presas da situación de desigualdade existente no exterior, polo maior estigma que sofren ou a maior carga familiar.

COMPROMETÉMONOS:

- ➔ Pola busca dunha execución de penas de acordo coa dignidade esencial das persoas reclusas.
- ➔ Pola introducción da xustiza restaurativa, e unha maior consideración do papel das vítimas no proceso xudicial.
- ➔ Pola opción por un sistema que priorice o réxime aberto, potenciando a resocialización, e evitando a destrución das estruturas persoais que provocan as estancias prolongadas en prisión.
- ➔ Por dar a coñecer o cárcere e a sensibilización en torno á inserción e reeducación, en conexión cos valores evanxélicos.
- ➔ Polo apoio e acompañamento ós procesos persoais, tendo especialmente en conta o delicado momento da saída da prisión e as barreiras sociais.
- ➔ Pola cooperación leal coa Administración e o recoñecemento da importante función social dos traballadores e traballadoras da prisión.
- ➔ Pola busca de espazos de cooperación coas entidades sociais presentes no medio penitenciario.

En Santiago, a 22 de marzo de 2025.